

# O Camiño Portugués da Costa- 6º E.P.

O **Camiño Portugués da Costa**, tamén coñecido como “Camiño Monacal” no seu tramo galego, é o itinerario xacobeo que discorre polo litoral atlántico; parte de Porto, segunda cidade máis importante de Portugal e pasa por Vila do Conde, Viana do Castelo, Caminha, A Guarda ( primeira localidade en Galicia) e Vigo, para enlazar co Camiño Portugués clásico en Redondela.

O pasado venres, 27 de maio, o alumnado de 6º de E.P. xunto coas titoras e Jesús, tivemos a oportunidade de facer un tramo do Camiño Portugués da Costa.

Camiñamos paralelamente á liña da costa dende a vila mariñeira de A Guarda ata Santa María de Oia, localidade célebre polo seu mosteiro cistercense en vías de recuperación, que alberga unha igrexa medieval e destaca pola súa fachada barroca.



Fixemos unha andaina de case 7 km dende o porto de A Guarda ata unha localidade perto de Oia, onde nos recolleu o autobús, xa que iamos co tempo moi xusto para o xantar e voltar ao colexio.

Foi unha xornada de convivencia cos nosos compañeiros e os Mestres. Velaiquí unha pequena mostra :

# Unha parada no camiño



## Viaxe ata A Guarda





## Xantar en Oia

